



Expediente núm.: 797/2023

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Expediente relacionado: 244/2023

Asunto: Subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2023

Obra/servizo subvencionado: Tarefas de silvicultura e limpeza de montes

Categoría profesional: Peón forestal (V)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

Primeiro.- No Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 22 do 01.02.2023, publícase a Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023. (DOG núm. 22 de 01.02.2023).

Segundo.- Con data 02.02.2023 dítase Resolución de Alcaldía núm. 2023 – 0093, do tenor literal seguinte:

"(...)

CUARTO.

Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da orde referenciada e de conformidade coa contía especificada no artigo 5, unha subvención de 41.910,00 € para a contratación temporal de traballadores desempregados co seguinte plan de financiamento:

- *Achega da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade...* 41.910,00 €
- *Achega municipal do Concello do Pereiro de Aguiar* 11.726,94 €

Custo total 53.636,94 €

QUINTO.

O Concello comprométese expresamente a financiar as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería."

Terceiro.- Os días 02.02.2023, 06.02.2023 e 07.03.2023 é presentada correctamente no rexistro electrónico da Xunta de Galicia cos números 2023/369652, 2023/403782 e 2023/743638 respectivamente a solicitude de subvención para o fomento do emprego no medio rural 2023 (Aprol rural).

Cuarto.- Con data 14.04.2023 ten entrada no rexistro xeral do Concello (núm. de rexistro 2023-E-RC-1630) a resolución do xefe territorial de Ourense da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mediante a que se nos outorga unha subvención polo importe de 41.910,00 €, para a contratación de 3 traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: "TAREFAS DE SILVICULTURA E LIMPEZA DE MONTES", Expte. Nº: TR351G 2023 / 14 – 3. Co desagregado seguinte:

Nº traballadores	Ocupación	Grupo Cotización	Modalidade Contractual	Duración	Xornada	Custo Subvencionado
3	Peón Forestal	10	Cláusulas mellora ocupabilidade e inserción	9 Meses	100%	41.910,00 €

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 12/05/2023
HASH: 0673c44alcbcd1f00db2e7dd2227ceaa



JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)
SECRETARIO - INTERVENTOR
Data de Sinatura: 12/05/2023
HASH: e528107c0907eb8832af9fb22fbb9f2



RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2023-0384 Data: 12/05/2023

Cod. Validación: C24ZKM5S34KGGFFRF39LZMTJL
Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4





			laboral			
--	--	--	---------	--	--	--

Quinto.- O 20.04.2023, dítase Resolución de Alcaldía núm. 2023 - 0328 co asunto "Avocación de competencias e aprobación das bases de selección de persoal laboral: Subvención APROL RURAL 2023 (Peón forestal)".

Sexto.- O 21.04.2023 o Departamento de Persoal emite informe sobre o procedemento a seguir para levar a cabo a contratación de persoal laboral temporal para cubrir os postos de traballo na categoría profesional de "peón forestal", ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2023 (Expte. Nº: TR351G 2023 / 14 – 3).

Sétimo.- O 21.04.2023 presentouse a oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte), de acordo cos criterios establecidos polo artigo 14 da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023. (DOG núm. 22, de 01.02.2023), co obxecto de cubrir os referidos postos de traballo.

Oitavo.- O 11.05.2023 o Tribunal Cualificador do proceso selectivo de persoal laboral temporal, na categoría profesional de "peón forestal", ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2023 (Expte. Nº: TR351G 2023 / 14 – 3), emite Acta definitiva co resultado da selección, do tenor literal seguinte:

"3.- Concluir a selección de persoal coas seguintes propostas de contratación (oferta de emprego número 12-2023-4117):

<i>Mira Fernández José</i>	<i>Contratación do candidato</i>
<i>González Quintela Manuel</i>	<i>Contratación do candidato</i>
<i>Bermúdez Cachaldora Antonio Alejandro</i>	<i>Contratación do candidato</i>

- *Quenda de reserva:*

- 1. Fernández Rodríguez Hugo*
- 2. Rey Valero Jorge*

Noveno.- O 12.05.2023 remítese á oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte) o resultado da selección de (3) traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: "tarefas de silvicultura e limpeza de montes" (peón forestal).

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Contratar para o período comprendido entre o 15 de maio de 2023 e o 14 de febreiro de 2024, para a obra / servizo "tarefas de silvicultura e limpeza de montes" (peón forestal) subvencionado en 41.910,00 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na categoría profesional de "peón forestal" ós/ás traballadores/as que se detallan no cadro seguinte, e cos seguintes custos salariais:





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Nome do traballador/a	DNI	Grupo de cotiz.	Retribucións brutas mensuais	% Cota patronal á S.S.	Seg. Social Concello mensual	Custo total mensual	Núm. meses	Custo total (total custo mensual x nº meses)
Bermúdez Cachaldora, Antonio Alejandro	■ 9339 ■	10	1.402,91	38,30%	537,31	1.940,22	9	17.461,98
González Quintela, Manuel	■ 5789 ■	10	1.402,91	38,30%	537,31	1.940,22	9	17.461,98
Mira Fernández, José	■ 9917 ■	10	1.402,91	38,30%	537,31	1.940,22	9	17.461,98
CUSTO TOTAL			4.208,73		1.611,93	5.820,66		52.385,94

Segundo.- Formalizar os contratos de traballo para a obra / servizo "tarefas de silvicultura e limpeza de montes" (peóns forestais) subvencionado en 41.910,00 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, e o artigo 15.1 da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023. (DOG núm. 22, de 01.02.2023), en réxime de dedicación a tempo completo cunha duración de 9 meses.

Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

Terceiro.- Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica e na páxina web deste Concello do Pereiro de Aguiar.

Quinto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Sexto.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

RESOLUCIONES DE ALCALDIA
Número: 2023-0384 Data: 12/05/2023

Cod. Validación: C24ZKM5S34KGGFFRF39JZMTJL
Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4





**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2023-0384 Data: 12/05/2023

Cod. Validación: C24ZKM5S34KGGFFRF39LZMTJL
Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gai/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

